



CONCELLO DE CHANTADA

INFORME DE REPARO 31/2019

Nº Expdte	635/2019
Fase Nómina	OP
Importe	2.655,98
Fase Seguridade Social	--
Importe	

ASUNTO: Informe de fiscalización previa limitada á aprobación das nóminas do mes de Xuño de 2019, referente a Paga extraordinaria dos policías locais.

De acordo co artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por o que regúlase o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, o artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, por o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, TRLRFL, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público, e a Base 33.6.A.9 das Bases de Execución do Orzamento, emítese o seguinte

INFORME DE FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA DE INTERVENCIÓN

PRIMEIRO.- ANTECEDENTES RELACIONADOS COA FISCALIZACIÓN.

- Providencia de alcaldía e proposta de alcaldía.

SEGUNDO.- SEGUNDO.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

1. Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, LRBRL.
2. Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2018.
3. Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, por o que se aproban as medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.
4. Real Decreto 1462/2018, de 21 de decembro, por o que se fixa o Salario Mínimo Interprofesional para 2019.
5. Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.
6. Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, LMRFP.
7. Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP
8. Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, TRLET.
9. Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.
10. Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.
11. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, Lei de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade Financeira, LOEPSF.
12. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
13. Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia.
14. Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.
15. Bases de Execución do Orzamento para o exercicio.
16. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- EXTREMOS XERAIS OBXETO DE COMPROBACIÓN.

Existencia de crédito axeitado e suficiente. Artigos 167 e 172 TRLRFL e 24 e ss RD 500/1990, de 20 abril.



CONCELLO DE CHANTADA

INFORME DE REPARO 31/2019

Nº Expdte	635/2019
Fase Nómina	OP
Importe	2.655,98
Fase Seguridade Social	--
Importe	--

Cos expedientes de recoñecemento de obrigas responden a gastos aprobados e comprometidos, e no seu caso, fiscalizados favorablemente.

Executividade dos recursos que financian o gasto.

Órgano competente para a tramitación do expediente.

Alcalde.

Pleno.

CUARTO.- EXTREMOS ESPECÍFICOS OBJETO DE COMPROBACIÓN.

Que as nóminas están asinadas polo responsable do Servizo ou o Alcalde da Corporación.

No caso das de carácter ordinario, comprobación aritmética que se realizará efectuando o cadre total da nómina, co que resulte do mes anterior máis a suma algebraica das variacións incluídas na nómina do mes de que se trate.

O sistema de xestión das nóminas é deficiente, xa que aínda que non existe constancia das variacións incluídas na nómina do mes, por o que esta Intervención non pode facer a comprobación aritmética consistente no cuadro total da nómina co que resulte do mes anterior máis a suma algebraica das variacións incluídas na nómina do mes.

Non confeccionándose documentos normalizados que reflexen as variacións sobre o mes anterior nin se adxunta a xustificación das mesmas en moitos casos, que deberían de servir de base para a fiscalización por esta Intervención, o que dificulta notablemente e pode chegar a impedir o adecuado exercicio das funcións de intervención.

Informes de referencia: Informe de fiscalización del Tribunal de Cuentas del Ayuntamiento de Colmenar de Oreja, año 1999, y de la Cámara de Cuentas de Madrid del Ayuntamiento de Alcorcón, años 2000 y 2001, entre otros.

Faise constar, que non se efectúan as nóminas mediante procedementos normalizados e segundo debería facerse na Administración, o que provoca grandes problemas á hora da fiscalización. Non existe persoal específico encargado de nóminas, polo cal, descoñecense todas as baixas, se proceden ou non trienios e si existen altas durante o mes. Ao non existir procedementos normalizados e nómina diferenciada da paga extraordinaria, prodúcense graves impedimentos na adecuada fiscalización dos expedientes de nóminas, o que leva a graves deficiencias no departamento e a inadecuada fiscalización por non posuír nin documentos normalizados nin un departamento específico de persoal.

QUINTO.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.

Reparo 31/2019. Suspéndese a tramitación do expediente, ata que os reparos sexan solventados:

Polo Alcalde, polos seguintes motivos:

Non foron fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais. Non se siguen procedementos normalizados.

Derivado de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

Polo Pleno, por os seguintes motivos:

Insuficiencia o inadecuación de crédito.

Obrigas o gastos da súa competencia.

O presente informe emítese no exercicio do control de gastos e ingresos atribuído a esta Intervención

En Chantada, a data da sinatura electrónica.



CONCELLO DE CHANTADA

INFORME DE REPARO 31/2019

Nº Expdte	635/2019
Fase Nómina	OP
Importe	2.655,98
Fase Seguridade Social	--
Importe	--

A Interventora,

Asdo. M^a Cristina González Santín

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE